

TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPO A



[Pequena biografía](#)

Nado en Rianxo (ao igual que Castelao e Manuel Antonio) o 29 de xaneiro de 1899 e finado en Santiago de Compostela o 15 de outubro de 1981, Rafael Dieste foi un destacado dramaturgo e narrador das nosas letras pertencente á chamada Xeración de 1925.

Foi o menor de sete irmáns ao que o maior lle levaba 23 anos. De nai urugaia, rematou os seus primeiros estudos en Rianxo para matricularse por libre en Maxisterio.

Criado no seo dunha familia acomodada de xurisconsultos que favoreceu o seu interese polas artes, viaxou, desde moi novo, a México, onde moraba un irmán seu. Na súa mocidade en Rianxo estableceu unha fonda amizade co poeta vangardista Manuel Antonio, interesándose os dous na realidade social galega e no seu nacente nacionalismo. Un tempo despois, na década dos 20, xurdiron diferenzas ideolóxicas entre os escritores, xa que o posicionamento monolingüe en galego de Manuel Antonio non era compartido por un Dieste que escribiu boa parte da súa obra en castelán.

Cumprido o servizo militar en Marrocos, entre 1921 e 1923, rematou a carreira de xornalismo e conseguiu traballo en distintos xornais liberais de Vigo, como *Galicia*, *El Pueblo Gallego* ou *Faro de Vigo*. Luís Amado Carballo, Valentín Paz Andrade, Posada Curros, Euxenio Montes, Roberto Blanco Torres e Carlos Maside son algúns dos nomes que confluíron entón na cidade olívica: mozos con intereses comúns nas artes plásticas e nas posibilidades dun xornalismo veraz e comprometido. Nesta altura, Dieste publicou, no suplemento dominical de *El Pueblo Gallego*, algúns contos que, sumados os publicados en *Galicia*, recolleu nunha edición de autor co título *Dos arquivos do trasno*, en 1926. Esta obra viuse substancialmente aumentada posteriormente con novas narracións.

TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPO A



No ano 1927, ingresou no Seminario de Estudos Galegos, pero a dedicación a Galicia entrou en contradición coa súa ambición persoal, que pretendía recoñecemento máis alá da fronteira galega. A comezos da década de 30 viaxou a Madrid e, levado pola súa marcada vocación pedagóxica, entrou en contacto coas [Misións Pedagóxicas](#), presididas por Bartolomé Cossío. Fixo parte delas, xunto con Sánchez Barbudo, Lorenzo Varela e María Zambrano, creando e dirixindo o Teatro Guiñol, co que percorreu distintos lugares da xeografía peninsular.

Así chega, a finais de 1933, unha longa misión por Galicia na que el actúa como xefe de equipo composto por Gaya, Barbudo, Serrano, Mazas, Espasadín e Antonio Ramos Varela, e que percorre en cinco meses 28 concellos das comarcas de Limia, o Ribeiro e Valdeorras, en Ourense ; da Costa da Morte, O Barbanza e Bergantiños, na Coruña; do Deza, en Pontevedra; e da Terra Chá e da Mariña, en Lugo.

Na xira, que deixa por onde pasa amizades como as de Ánxel Fole, Ramón Piñeiro ou Lorenzo Varela, o protagonismo de Dieste, que era o de maior idade, queda ben patente na autoría do guión da película sobre Compostela, que ven filmar Valdelomar, e mesmo na sinatura do convenio polo que se crea un comité de Misións para Galicia.

Son cousas que se extravían polos recunchos do tempo, xunto a episodios como os que os levan a fabricar os monicreques nun forno da Fonsagrada. Ou aqueloutro traslado de Corcubiión a Muros que, no canto de facelo coma sempre na furgoneta polo típico “camiño de cabras” (chamado refinadamente “vía romana”), fixérono, por empeño de Dieste, nun barco alugado e pola noite.



*Inauguración do teatriño de monicreques en Malpica
coa obra de Dieste “La doncella guerrera” (1933)*

TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPO A



Se queredes saber algo máis das Misións Pedagóxicas, pinchade sobre a imaxe e reproducirase o video-documental.

En Estremadura coñece a Carmen Muñoz Manzano, unha inspectora de ensino que acode a Valencia de Alcántara para se incorporar ao grupo de apoio á Misión Extremeña.

Con ela casará o 3 de setembro de 1934

Carmen Muñoz Manzano, tamén coñecida polo seu pseudónimo "Beatriz Galindo".

Malpartida de Plasencia 1906 - A Coruña 2002



Rafael conta cunha bolsa da **Junta para Ampliación de Estudios** e Carmen vai obter, á súa vez a "consideración de pensionada", así que viaxarán a Bruxelas, Gante, Bruxas, París ou Lyon á fin de facer investigación teatral.

*A **Junta para Ampliación de Estudios e Investigaciones Científicas (JAE)** foi unha institución creada en 1907, no marco da **Institución Libre de Enseñanza**, para promover a investigación e a educación científica en España. Presidida por Santiago Ramón y Cajal desde a súa fundación até a súa morte en 1934. Foi desmantelada en 1939 tras a derrota republicana na Guerra Civil, e a partir da súa estrutura creouse o **Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC)**.*

TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPO A



Cando a Guerra Civil estaba a piques de estoupar, Rafael e a súa dona Carmen Muñoz, membro activo das Misións Pedagóxicas, pertencían á *Alianza de Intelectuales Antifascistas*, mentres o propio Dieste era director do Teatro Español de Madrid e mais do grupo de teatro *Nueva Escena*, de cuxa revista, *El Mono Azul*, era un dos responsables.



Cartel de Castelao a favor do Estatuto de Autonomía

No verán do 36, Dieste paseaba pola Gran Vía madrileña con Arturo Cuadrado, comisionado para entregar nas Cortes o Estatuto de Autonomía de Galicia acabado de plebiscitar. Significaba a meta dun longo camiño de arelas e, sen embargo, os amigos non podían saborear aquel triunfo porque xa no ambiente se mascaba algo.

Debido á evolución da contenda Dieste seguiu á retirada republicana, primeiro a Valencia e logo a Barcelona. En Valencia fundou a revista *Hora de España* xunto con Sánchez Barbudo, Gil-Albert, Ramón Gaya e Manuel Altolaguirre. Participan nesta publicación mensural importantes intelectuais como María Zambrano, Antonio Machado, León Felipe, Tomás Navarro Tomás e Rafael Alberti entre outros. Foi a única revista que se publicou dende 1937 a 1939 ininterrumpidamente, primeiro en Valencia e logo en Barcelona.

En 1939 ingresou no Exército do Leste e participou na saída da publicación *El Combatiente del Este*. Carmen quedou en Barcelona á espera de atoparse co seu home en París. O bombardeo sobre Figueras acabou coa vida da súa mellor amiga, Fe Gaya, e ela con metralla nun brazo.

Tras unha longa combinación de calamidades, Carmen acaba nun hospital de París e Rafael bota dezaseis días entre os corenta mil homes que ategan a praia de Saint-Cyprien.

É o influxo da Asociación de Escritores Franceses quen saca daquel inferno o grupo de Rafael, quen pasa a ser acollido na quinta *La Mérigotte* (Poitiers) propiedade do intelectual francés Juan Richard Bloch ata que o pai de Carlos Gurméndez, diplomático urugaio na Haia, remite un *laissez-passer* que lle permite a Dieste (e a súa dona) entrar en Holanda. No porto de Rotterdam embarcarán rumbo a Uruguai onde Rafael reclamará a nacionalidade daquel país, por ser o da súa nai.

TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPO A



De Montevideo, pasan a Bos Aires onde teñen algúns dos seus mellores amigos e unha chea de persoas orixinarias de Rianxo que fan que se sentan como en casa.

Mentres non regularizan os papeis, vivirán na casa de Mireya Dieste (sobriña do escritor) casada co médico Antonio Baltar.



Conseguiu traballo como director literario na Editorial Atlántida e fixa o [café Tortoni](#) como lugar de reunión cos amigos, exiliados galegos na súa maioría, onde poñen en marcha proxectos culturais e editoriais moi importantes.

Rafael, que por esta época escribía case exclusivamente en lingua española, colaborou con narrativa breve ou ensaio nas revistas, tanto galegas (*De mar a mar, Correo Literario, Galicia, Resol*), coma extragalegas (*El Pensamiento Español, Argentina Libre, Alfar*).

En 1948, viaxou pola Europa assolada trala Segunda Guerra Mundial como comisionado do Museo Nacional de Artes Plásticas de Montevideo co encargo de facer un informe sobre a arte europea para o goberno uruguaio, e aceptou un posto de lector de Lengua e Literatura Españolas na Universidade de Cambridge ata 1952, ao que seguiría outro lectorado no Instituto Tecnolóxico de Estudios Superiores de Monterrey.

Malia todos os inconvenientes, foi creando unha importante e sólida obra literaria, estruturada arredor da ética e da solidariedade humana, tanto en narrativa como en teatro, ensaio e poesía.

TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPO A



En 1954 regresou a Bos Aires e á Editorial Atlántida, na que apareceu a versión definitiva de *A fiestra valdeira* (1958), que revisaba a de 1927.

En 1961 volveu a Rianxo y, un ano despois, publicou na Editorial Galaxia, consagrada en exclusiva aos autores en lingua gallega, una reedición ampliada de *Dos arquivos do trasno*.



**ISAAC DÍAZ PARDO, RAFAEL DIESTE, CARMEN MUÑOZ .
Manzano e Maruxa Fernández López en Bos Aires (1955)
Fonte: arquivo de Isaac Díaz Pardo**



A mediados dos sesenta instalouse na Coruña e en 1970 ingresou como membro de número na Real Academia Galega co discurso *A vontade de estilo na fala popular*, que tamén supuxo a exposición da su propia poética, isto é, a concepción lingüístico-estilística da su creación. Nos anos sucesivos, non so colaborou en diversas publicacións, senón que numerosas conferencias, homenaxes e mesas redondas contaron coas súas intervencións, recollidas no libro póstumo *Encontros e vieiros* (1990).

A cultura acompañouno sempre sen abandonar o activismo político: en 1977 asinou o "Manifiesto dos 29" reclamando o autogoberno para Galicia e, en 1980, participou na redacción de "Realidade Galega", o manifesto dun grupo de opinión apartidario que promovía a conciencia crítica .

Pouco antes da súa morte apareceu o volume *Antre a terra e o ceo*, que recolle artigos dos anos vinte publicados en El Pueblo Gallego.

TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPO A



Como curiosidade, mencionar que Roberto Bolaño homenaxeou a Dieste facendo dun exemplar da súa obra *Testamento geométrico* unha parte importante da trama da súa novela 2666.

En 1995, dedicóuselle o Día das Letras Galegas. Moitos foron os personaxes da cultura galega que falaron sobre a súa figura.

Salvador García Bodaño sobre Rafael Dieste



Pincha na imaxe



O 15 de outubro de 1981 falecía en Rianxo.

La Voz de Galicia

Rafael Dieste falecía en Santiago por mor dunha insuficiencia respiratoria. Segundo recollía *La Voz de Galicia*, o escritor levaba tres días en coma e estaba hospitalizado na clínica A Rosaleda. O motivo do seu estado era un forte golpe recibido na o cabeza tras caer polas escaleiras da súa vivenda. Fora sometido a unha operación para extirparlle varios coágulos de sangue, pero a intervención non evitara que o intelectual morrese aos 82 anos de idade.

TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPO A



No momento do falecemento, ás 18.50 horas dun xoves 15 de outubro, atopábanse acompañando ao escritor a súa muller, Carmen Muñoz; un sobriño, Eladio Dieste; e o seu amigo Ramón Piñeiro.

Ao día seguinte, na casa do concello de Rianxo celebrábase un pleno extraordinario, no que se decidía nomear a Dieste fillo ilustre e decretar tres días de loito. Recibía sepultura nesa mesma xornada, tras unha misa oficiada polos sacerdotes Fernando Palleiro e Andrés Torres Queiruga.



Rafael Dieste

TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPO A



A súa obra

“Foi un intelectual puro que cultivou en castelán e galego tódolos xéneros literarios: desde o conto e a novela ate o teatro, o ensaio e a poesía.”

Historia da literatura galega (1984), Francisco Fernández del Riego



OBRA EN GALEGO

✓ Narrativa

- *Dos arquivos do trasno* (1926).

✓ Teatro

- *A fiesta valdeira* (1927, El Eco de Santiago)
- *Viaxe e fin de don Frontán* (publicado postumamente en 1982)

✓ Ensaio

- *A vontade de estilo na fala popular* (1971, Ediciós do Castro)
- *Antre a terra e o ceo* (1981, Ediciós do Castro)
- *Encontros e vieiros* (1990, Ediciós do Castro. Póstumo)
- *Fragua íntima* (1991, Sociedade de Cultura Valle-Inclán. Póstumo)
- *Textos e crítica de arte* (1995, A Nosa Terra. Póstumo)

TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPO A



OBRA EN CASTELÁN

✓ Narrativa

- *Juan de Luz* (1929)
- "*De cómo vino al mundo Félix Muriel*" (revista *De mar a mar*, 1942)
- *Historias e invenciones de Félix Muriel* (relatos; Ed. Nova, 1943). Ilustrado por Luís Seoane

✓ Teatro

- *Quebranto de doña Luparia y otras farsas* (1934)
- *Viaje, duelo y perdición* (Atlántida, 1945)
- *Viaje, duelo y perdición: tragedia, humorada y comedia* (1979)

✓ Poesía

- *Rojo farol amante* (Ed. Teseo, 1933)

✓ Ensaio

- *La vieja piel del mundo* (Ed. Signo, 1936)
- *Luchas con el desconfiado* (Sudamericana, 1948)
- *Nuevo tratado del paralelismo* (Atlántida, 1955)
- *Pequeña clave ortográfica* (1956)
- *Diálogo de Manuel y David* (Galaxia, 1965)
- *¿Qué es un axioma?* (Galaxia, 1967).

TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPO A



- *Testamento geométrico* (Ediciós do Castro, 1975)
- *El alma y el espejo* (Alianza, 1981)

✓ Guión


- *Promesa del viejo y la doncella* (1938, con Eduardo Dieste)

✓ Traducións

- *De cuatro a cuatro*, 1940 (*De catro a catro* de Manuel Antonio). Colección Dorna, Emecé, Buenos Aires.

Rafael Dieste : un creador total

EL PAÍS



A obra dramática, narrativa, ensáística de Rafael Dieste orixínase nesa Galicia lendaria e poética onde naceu, o día 15 de xaneiro de 1899, en Rianxo, paraíso dos sons.



Rafael Dieste con Ramón Baltar no Taxil, 1912

As súas primeiras impresións modelounas alí, escoitando a fala dos pescadores, o murmuro rítmico dos campesiños, e aprendeu a escribir na lingua do seu pobo labrego e mariñeiro.

Sempre se mantivo fiel a esta raíz popular. Unha lingua non é soamente o sangue do espírito, como dicía Unamuno, é tamén río de tradicións, manancial de consellos, compendio de verdades e suma de experiencias.

TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPO A



Poeta abstracto e denso, dramaturgo rico de símbolos, narrador do espazo-tempo da memoria, ensaísta de intuicións proféticas, Rafael Dieste foi unha das personalidades máis significativas da literatura galega e española contemporáneas.

Continuador da liña de tradición popular valleinclanesca, pero sen distanciarse nunca das presenzas da vida real que contemplaba, recreándose nelas. ***Dos arquivos do trasno*** (1926), a súa primeira obra narrativa, recolle verdades invisibles do máis aló, sombras resplandecientes e episodios vivos de figuras quietas e nobres de exemplar comportamento.



Rafael Dieste no centro, en 1920, con (de esquerda a dereita) Manuel Antonio, Manuel Rodríguez Castelao, Xosé Losada Castelao e Loureano Lourenzo

Segue *A fiestra valdeira* (1927), onde expuxo por primeira vez a noción dun teatro popular galego.

Viaxe e fin de don Frontán (1930) evoca un teatro de moralidade medieval, baseado en lendas antigas, e ten a solidez do debuxo basto e violento do romántico galego. Esta obra metafísica e simbólica é a representación do eterno drama entre pai e fillo. O pai encarna ao señor, propietario feudal nunha Galicia arcaica. O fillo, que herda as virtudes do pai, co seu mesmo afán de poder e dominio, quere ser independente e converterse en señor de si mesmo, creador do seu propio ser, xerador tamén de estirpes.

Máis tarde aparece *Rojo farol amante* (1933), poesía conceptual de lirismo sintético tenso, liberada de todo intimismo subxectivo. Realiza aquí o tipo de poesía esencialista, que anticipara Antonio Machado, de obxectos intelectuais, a poesía absoluta. Os poemas se esquecen ao home como protagonista da poesía, é para descubrir a maxia da natureza. O seu primeiro libro de ensaio, *La vieja piel del mundo* (1936) expón o problema da orixe do teatro e da traxedia, valorando a mitoloxía grega como materia para o desenvolvemento do seu pensamento.


É visible, nesta obra, a influencia de *El origen de la tragedia*, de Nietzsche. Dionisios é o tumulto, a vida, a traxedia ou a dicha embriagadora; e Apolo é o equilibrio, a quietude. Deste antagonismo saca unha dedución:

pode haber unha filosofía universal da historia, pero non é posible unha filosofía da historia universal

TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPO A





Durante a guerra civil escribiu dúas obras dramáticas combativas: *Nuevo retablo de las maravillas* e *Al amanecer*. Sobre elas declarou nunha entrevista do PAIS: «*Eu quixen que este teatro meu de guerra fose xusto, que, por unha banda, fose viril, burlesco, denunciador do labirinto mental do campo faccioso*».



Xa no exilio, a narrativa de Rafael Dieste atopou a súa culminación en *Historias e invenciones de Félix Muriel* (1943), relatos dunha cor de clarísima escuridade, historias que son exploracións da memoria, procura do tempo perdido, do val do recordo, da terra virxe ou do pai.

Luchas con el desconfiado (1948) é un libro profético, pois a súa intuición poética de que a sensibilidade non é escura nin puramente receptiva, senón creadora e activa, foi confirmada pola psicoloxía experimental moderna.

Na súa última obra, *El alma y el espejo*, recolle unha serie de ensaios que non son áridos discursos filosóficos, e si unha creación poética da imaxinación especulativa. Con todo, trata de convencernos de que é necesaria unha entrega reverencial ás aparencias do mundo, a única realidade positiva do home, porque nesa exterioridade atopa a súa interioridade, a súa verdade.



Este é, tamén, o sentido profundo do seu *Testamento geométrico* (1975), un canto á beleza e simetría das formas, á poesía mesma da terra.

TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPO A



DOS ARQUIVOS DO TRASNO

Rafael Dieste


Unha pequena
aproximación
a esta obra

Dos arquivos do trasno é unha colección de contos dados a coñecer xeralmente polo autor con anterioridade en publicacións periódicas. Parece ser que o inicio da xénese da obra hai que situalo no ano 1923, en que o autor publica nunha revista titulada “Charamuscas” o conto “O vello que quería ve-lo tren”. Como dato curioso, convén sinalar que a revista se realizaba en terras africanas, e en galego, onde nese momento, participaba como soldado na guerra de Marrocos o propio escritor.

Con posterioridade, durante a súa colaboración co xornal “Galicia”, comeza a publicar na sección “Domingos literarios de Galicia” colaboracións literarias en forma de contos. A fins de 1925 pasa a traballar no xornal “El Pueblo Gallego”, continuando coa publicación dalgún conto máis, até que en 1926 se decide a formar con eles un pequeno volume, saíndo do prelo con cargo ao soldo do propio autor.

O libro levaba por título o xa coñecido, cun subtítulo “**Contos do monte e do mar**”, que desaparecerá nas edicións posteriores. Incluía **oito contos**, ademais do limiar: “En col da morte de Bieito”, “De cómo se condanou o Ramires”, “A lenda da vella Lusca”, “A luz en silencio”, “Historia dun xoguete”, “O vello Moreno”, “O vagamundo” e “O vello que quería ve-lo tren”. No voceiro nacionalista “A Nosa Terra” (1/5//1923) dábase conta da súa aparición da seguinte maneira:

“(…) Oito contos de bela conceición e depurada forma na maior parte de cales é a morte a pedra angular a redor de cuos varios aspeitos Rafael Dieste escribiu unhas verbas que o conceitúan como bon literato e artista moderno”.



TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPO A



Dieste vai continuar co seu labor de escribir novos contos, que no mesmo ano 1927 inclúe a modo de apéndice a continuación da obra teatral *A fiestra valdeira*: “O neno suicida”, “Na morte de Estrelleña”, “Espanto de nenos” e “O grandor do mundo”.



Outros seis contos máis van ir aparecendo nas páxinas do xornal de Portela Valladares: “Pampín”, “Na ponte de ferro”, “Nova York é noso”, “O caso dos tres fornos”, “Once mil novecentos vinteseis” e “O drama do cabalo de axedrez”.

El Pueblo Gallego, de Vigo, quen foi o seu propietario, ata o alzamento contra a República de xullo de 1936, o distinguido político Manuel Portela Valladares.

Xa na guerra civil, o autor vai publicar o conto “O neno suicida” en **Nova Galiza** e aparecerá na mesma revista un “Conto portugués” que nunca incluírá na súa obra de contos en galego. Xa establecido no exilio bonaerense, vai escribir dous novos contos polos anos 50: “Un conto de reis” e “De cómo veu a Rianxo unha balea”, cos que pon fin á súa produción narrativa no noso idioma.

En 1962, ao ano de ter retornado a Galiza, sae do prelo na editorial Galaxia a segunda edición do libro, fixando definitivamente o contido, que fica da seguinte maneira:

- ✚ limiar
- ✚ os oito contos da primeira edición de 1926,
- ✚ os catro incluídos na primeira edición da súa obra teatral,
- ✚ os seis publicados en “El Pueblo Gallego”
- ✚ os dous contos escritos en Bos Aires.

Aínda así, no 1973 Dieste vai preparar para a mesma editorial unha terceira edición que, conservando os mesmos contos e organización da anterior, supón a versión definitiva da obra.

TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPO A



Así pois, resulta evidente que os contos son resultado de diferentes impulsos creadores e mesmo responden a períodos de tempo tamén distintos. Mais a pesar disto, a primeira característica a destacar dos mesmos é a súa fundamental unidade. No breve “Limiar” de 1926, o escritor rianxeiro expoñía a súa teoría sobre o conto, resumida quizáis de xeito magnífico na seguinte metáfora:

“O conto é o remuíño que fan arredor dunha lámbada moitas volvoresas, todas mergulladas na mesma luz”.



Para el, o final había ser esa “luz” en que debían confluír todos os elementos do conto. A unidade emotiva é o outro elemento esencial.

Pódese dicir que neste libro de Rafael Dieste, conflúen dúas correntes importantes: **a tradición popular galega** e **as modernas innovacións** no campo da literatura narrativa. Dieste non só se inspira no pobo para tomar del a técnica empregada, senón que os seus protagonistas son parte dese mesmo pobo tamén, nun afán por destacar os seus valores éticos. Para isto, case sempre parte da realidade e, por abstracción, somete as diferentes situacións e personaxes a un proceso de eliminación das súas condicións materiais de vida para que fiquen claramente arquetipos.

Desa mestura entre tradición e innovación naceu unha obra plenamente galega canto ao seu contido e, ao tempo, universal desde o punto de vista da creación artística ou da técnica literaria.

Moitos estudosos da súa obra teñen resaltado neste libro a importancia que xoga o extraordinario ou marabilloso, que o relacionaría con autores como Allan Poe ou Borges, e a presenza tamén do elemento popular galego, o que o achega á obra do propio Castelao.



TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPO A



A súa vinculación co **realismo máximo** sitúa *Dos arquivos do trasno*, á altura de 1926, como un libro único e incomparable no contexto das diferentes literaturas peninsulares.

O feito de que a importancia dada a esta obra non sobrepasase o límite das letras galegas, foi posto de manifesto pola profesora norteamericana [Estelle Irizarry](#):



(...) Dentro de este panorama Dos arquivos do trasno adquire unha importancia que no ha sido apreciada suficientemente, aunque sí se ha reconocido su contribución a la labor de renovación gallega en las letras regionales. La fantasía fabuladora, en combinación con el realismo arraigado en el agro gallego, no tiene ni paralelo ni parangón en la narrativa producida en España en aquel momento”.

Galiza está presente no universo contístico de Dieste a través de tipos, tradicións, costumes, ambientes e temática en xeral, cunha supremacía no conxunto daqueles contos referidos á Galiza costeira e mariñeira. Estamos diante dun auténtico mosaico de comportamentos populares: os nenos que aprenden o misterio (“Espanto de nenos”), a dignidade (“Nova York é noso”) ou a solidariedade (“De cómo veu a Rianxo unha balea”); os emigrantes que á súa volta descubren a grandeza e marabilla da súa patria (“O grandor do mundo”); a vella que agarda inútilmente a volta do fillo (“A volta”); o indiano que se mantén nas súas conviccións sen ceder ás presións (“De cómo se condanou o Ramires”); vellos que no paso do tren enxergan todo o que a vida lles negou e senten a saudade do descoñecido (“O vello que quería ve-lo tren”).

Dos arquivos do trasno supuxo, pois, un fito importante na traxectoria da literatura galega do momento e, en especial, da prosa narrativa. Esta obra de Dieste é un exemplo da nosa prosa máis moderna e universal do momento, e ao tempo máis profundamente galega.

Nese afán de renovación estética que moveu os escritores da xeración do 1925, a nosa narrativa entra con este libro no camiño da vangarda literaria, espazo reservado para a poesía en exclusiva, converténdose nunha obra precursora do máis tarde coñecido como realismo máximo.



TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPO A



Outras fontes :

Rei Núñez, Luís. *Rafael Dieste : narrador, poeta, dramaturgo, pensador e sabio. Home libre e comprometido coa verdade_* Vigo : Ir Indo, 1995.

Xornadas sobre Rafael Dieste. Santiago de Compostela : Xunta de Galicia, 2000.

Biblioteca e Centro de Documentación da Muller
“Rosalía de Castro” de Sta. Cruz
Centro Cultural “As Torres”
Rúa Emilia Pardo Bazán, 17
Sta. Cruz - 15179 Liáns (Oleiros)
Tlf. 981626338

Blog : bibliotecasoleiros.blogspot.com
E mail : biblioteca.santacruz@oleiros.org